

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE XULLO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de xullo de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o secretario Xeral do Pleno, en substitución do vicesecretario accidental, don Rafael José del Barrio Berbel, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**1. LICENZAS URBANÍSTICA.-** Acórdase denegar a licenza para unha construción auxiliar vinculada a vivenda no núcleo rural 52.4 Teigueselle-Burneiros, parroquia de Santa Comba.(expte: 2023/Y001/000023);

Acórdas a concesión das seguintes licenzas: para demolición de parte de galpón e construción de vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Lamas+Cañizo+Portela, parroquia de Lamas. (expte: 2021/Y001/000183) e para construción de vivenda unifamiliar illada de planta baixa (sen aproveitamento no baixo cuberta) construción de piscina e construción auxiliar independente, no núcleo rural tradicional de Astariz, parroquia de o Veral, (expte: 2022/Y001/000018);

Tamén se acorda denegar a licenza para a instalación de ascensor, substitución de cuberta e cambio de uso de rochos a 3 vivendas en baixocuberta, na rúa a Garza, número 18, (expte: 2021/Y001/000249)

Acórdase a concesión da licenza para a construción de almacén agrícola en san Salvador de Outeiro, (expte:2023/Y001/000014) e para instalación de ascensor para mellorar a accesibilidade do edificio existente, na rúa Lavandeira, número 16 (2023/Y001/000103).

**2. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a aprobación das liquidacións correspondentes ó mes de xullo 2023, relativas á concesión administrativa de postos sitios na praza de abastos e no mercado da rúa Quiroga Ballesteros.

Tamén se acorda a aprobación das liquidacións correspondentes ó mes de xullo de 2023, relativas ó canon a pagar por adxudicatarios de concesións administrativas.

Acórdase a estimación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana da solicitude de división de liquidacións presentada en relación coas nº 11520141 exp. 148.561 importe 171,92 €, nº 11520142 exp. 148.561.01 importe 303,80 €, nº 11520143 exp. 148.561.02 importe 329,12 € e nº 11520144 exp. 148.561.03 importe 258,05 € xiradas en concepto de IIVTNU por herdanza.

Tamén se acorda aprobar a devolución do imposto sobre o incremento de valor dos terreos do importe aboado polas liquidacións nº 11343441, 11343442 e 11343444, exp. 148.108.01, 148.108.02 e 148.108.03, importes 252,56 €, 114,80 € e 1.037,94 €.

Así mesmo, acórdase a devolución do imposto sobre o incremento de valor dos terreos en execución da sentenza nº 104/2023, do 29/06/2023, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo, na que se estima o recurso contencioso-administrativo interposto contra acordo do Team do Concello de Lugo do día 29/06/2022, que desestima reclamación económico-administrativa interposta fronte a desestimación do recurso de reposición contra a liquidación nº 10480540.

Acórdase a denegación da solicitude formulada na que insta a exención da cota no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 1234GLN alegando a súa discapacidade.

Tamén se acorda a denegación da solicitude formulada na que insta a exención da cota no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 6939BKH alegando a súa discapacidade.

Así mesmo, acórdase a denegación da solicitude formulada na que insta a exención da cota no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 7776LJM alegando a súa discapacidade.

Acórdase a denegación da solicitude formulada na que insta a exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 3124LCD por ter recoñecido un grao de discapacidade do 33% ou superior o mesmo.

Tamén se acorda o arquivo da solicitude exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o exercicio 2023 e sucesivos por discapacidade vehículo con matrícula 7328KWT.

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a devolución das garantías definitivas correspondentes á contratación dos traballos de revisión do plan xeral municipal de ordenación do Concello de Lugo (exp 94-2016). Tecol 2023/C030/000034.

Acórdase a delegación de competencias na Tenente Delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos para a adopción de actos resolutivos e de trámite para a contratación da obra de mellora do firme con alomerado en quente e obras accesorias do camiño municipal que vai de Mazoi a Benade. parroquia de Benade (Lugo) financiado dentro do plan de mellora de camiños rurais 2023-2024 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

Acórdase a contratación da subministración dun cinemómetro para a medición da velocidade dos vehículos en circulación, para utilización da policía local, dentro da estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado (Edusi) "Muramiñae: da Muralla ao Miño", cofinanciable nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (Feder), no marco do programa operativo plurirrexional de España Feder 2014-2020. exp. ref. 2023-C004-000024

**3. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación bases contratación brigada para defensa e prevención de incendios forestais 2023.

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación de un xefe de brigada, un peón conductor e tres peóns do convenio de colaboración en accións de defensa e prevención de incendios forestais.

#### **ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

**4. PARTICIPACIÓN CIDADÁ.-** Acórdase a aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións na área de participación e servizos para a veciñanza, ás asociacións de veciñas e veciños que desenvolven a súa actividade na esfera da participación cidadá para o exercicio 2023.

Tamén se acorda a inclusión de altas omitidas no rexistro de persoas vendedoras no mercado tradicional do ano 2023 e corrección dos metros concedidos.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**